
RESOLUCIÓN REITORAL, DE 4 DE FEBREIRO DO 2022, POLA QUE SE DEIXA SEN EFECTO A RESOLUCIÓN DO 2 DE MARZO DE 2020 POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS DE APTITUDE PARA O ACCESO AO GRAO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO, AOS EFECTOS DE ACCESO E ADMISIÓN PARA O CURSO 2022/23, POR CAUSA DA COVID-19

Á vista da situación excepcional creada pola pandemia da COVID-19, que, dado o cambiante da situación sanitaria e das correspondentes medidas e actividades permitidas en cada momento, fai moi difícil programar coa debida antelación e garantías actividades de carácter presencial en dependencias da universidade durante o ano 2022,

Esta Reitoría

R E S O L V E

Primeiro: que se deixa sen efecto, aos efectos de acceso e admisión para o curso 2022/23 no grao de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, a Resolución Reitoral do 2 de marzo de 2020 pola que se establece o procedemento para a realización de probas de aptitude para o acceso a esta titulación.

Segundo: que, aos efectos de acceso e admisión para o curso 2022/23 no grao de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, seguirase o procedemento xeral establecido no Acordo das Universidades Públicas do Sistema Universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia.

Terceiro: que se comunique a presente Resolución á Secretaría Xeral de Universidades a a Axencia de Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), indicando o carácter excepcional das medidas adoptadas, polo que non debe considerarse como unha modificación da memoria verificada do grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Universidade de Vigo.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, pero que se computará desde o día hábil seguinte á data de finalización da declaración do estado de alarma, con independencia do tempo que houbera transcurrido desde a publicación da presente resolución, sen prexuízo da eficacia e executividade da mesma, consonte ao disposto no acto administrativo objeto de recurso ou impugnación, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Oitava do Real Decreto-ley 11/2020, de 31 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al COVID-19.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, que se computará segundo o indicado no parágrafo anterior, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Reitor